

FIRST LOVE

Takashi Miike, 2019

655

ESTREA EN NUMAX: 13.03.2020 | V.O.S.E. | +18

初恋 - *Hatsukoi* (2019, 108')

Dirección: Takashi Miike

Guión: Masa Nakamura

Elenco: Masataka Kubota, Shôta Sometani, Nao Omori, Jun Murakami

Son: Jun Nakamura

Música: Kôji Endô

Fotografía: Nobuyasu Kita

Montaxe: Akira Kamiya

Produtora: OLM, Toei Company, Recorded Picture Company

Distribuidora: Barton Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Xaponés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Quincena dos Realizadores), Donostia 2019 (Zabaltegui-Tabakalera), Toronto 2019 (Midnight Madness)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

La espada del inmortal, 2017

As the Gods Will, 2014

13 asesinos, 2010

One Missed Call, 2003

Dead or Alive (triloxía), 1999 - 2002

Ichi the Killer, 2001

Visitor Q, 2001

Audition, 1999

SINOPSE

Leo, un mozo boxeador que atravesara unha mala etapa, coñece o seu primeiro amor Mónica, unha moza que conserva a súa inocencia malia ser prostituta e drogadicta. O que non sabe é que Mónica se viu envolta sen querer nunha trama de tráfico de drogas, e os dous son perseguidos durante toda unha noite por un policía corrupto, un *yakuza*, a súa némesa e unha asasina enviada polas tríadas chinesas. Todos os seus destinos se entrecruzan.

«Deseñada para explotar»

Jessica Kiang, VARIETY



“Hai algo simbólico para min entre este filme e vencer a miña debilidade”

Entrevista con Takashi Miike

Por Joshua Dudley

Como fas da violencia algo bonito? En Xapón agora mesmo os filmes *yakuza* que hai feitos son unha especie de fantasía. A *yakuza* non existe no sentido tradicional, tal como era antes, e é moi difícil facer un filme *yakuza*. O público non quere ver un filme *yakuza* violento. Aí están todos eses personaxes violentos da *yakuza* cometendo crimes e facendo cousas terribéis, vivindo a súa vida e facendo negocios coma sempre. Eu quería coller iso como base, e contrastalo con outra historia, a historia desas dúas persoas que se coñeceron no medio do caos. Porque grazas a ese caos e a esa violencia coñécense e a súa historia comeza, a súa historia de amor comeza. E a partir de aí temos todo, desde o principio, unha especie de parvada, un pouco de comedia cun fondo violento. Iso dálle un contraste, a xustaposición coa historia de amor que transcorre en paralelo.

Todos os teus filmes falan dunha historia de amor? Esa é a miña intención, pero ao mesmo tempo son un director terríbel, e porque moita xente pensa que son un director enfermo, quizais ao final non saian así. Unha anécdota ilustrativa disto é que teño estado en salas proxectando algún filme

meu e media sala levantouse e foise. Algúns espectadores veñen directamente á miña butaca na escuridade e comprobando as reaccións dos demais dinme «estás enfermo». Penso que é moi doado non entenderme como director.

Veste reflectido no personaxe principal que, como pensa que vai morrer, actúa de forma heroica?

Dalgún xeito poderíase dicir que son unha persoa débil. Véxome a min mesmo tendo esa debilidade innata que moitas veces se confunde con bondade, pero eu sei que as máis das veces é debilidade, non bondade. Se trasladas iso ao filme, hai unha persoa a quen só lle queda un tempo limitado de vida e quere vivir ese tempo a tope antes de marchar. Iso é algo que el percibe que quere acadar, e iso é desde logo algo que eu tamén quero conseguir. Se sei que vou morrer e quero vivir a vida a tope, por que non facelo desde xa? Esta persoa está intentando cumprir os seus desexos e vivir todas as emocións mentres esa trama parva prosegue. É algo complicado describir iso sen que a debilidade me venza. Hai algo simbólico para min entre este filme e vencer a miña debilidade. Así que si, pódese dicir que hai algún paralelismo.

Por que pensas que tes esa debilidade?

Refírome á miña debilidade como ser humano defectuoso, ou quizais á debilidade da miña alma ou do meu corazón. Cando afronto un problema ou un reto éme máis doado afastarme que afrontalo ou asumilo, así que fago filmes. Sinto que a miña natureza humana prefere esquecer que son débil ou as ganas de saír correndo cando hai un problema

en vez de intentar amañalo. Esa é a debilidade á que me refiro.

A miúdo os viláns non se ven a si mesmos coma o propio o demo, mais neste filme o xefe ve saír o sol e di «a luz do día non é tempo para os malvados». É un contraste grande. Iso é interesante. Metino aí porque quería dar voz ao típico papel do *yakuza* que xa non existe no Xapón. O *yakuza* real é unha marca que se lle pón a diferentes persoas con diferentes obxectivos e de diferentes épocas. Pero algo que tiñan en común era que todos querían liberdade no sistema. E ao tempo eran aliados da policía nunha zona concreta de Xapón. Aínda procuran unha certa estabilidade económica. Así que nunha escena específica el di esa frase entre o aburrimiento e a sorna: «Nós os *yakuza* non temos que camiñar á luz porque o noso camiño está entre as sombras.» Ese é o tipo de pensamentos que quizais un *yakuza* real diría ao final da xornada. Teñen o seu propio espazo entre as sombras. Mais eses *yakuza* xa non existen, tampouco nos filmes.

Publicada en <https://forbes.com>

Tradución: Olalla Cocíña

O director

Takashi Miike (Yao, Xapón, 1960) comezou a dirixir películas de baixo orzamento editadas directamente en vídeo nos anos 90. Desde entón desenvolveu unha prolífica e ecléctica carreira composta por máis dun cento de traballos que abarcan todos os xéneros. Títulos como *Audition* (1999), *Visitor Q* (2001), *Ichi the Killer* (2001), *One Missed Call* (2003) ou a triloxía *Dead or Alive* (1999 - 2002), que abordaban a violencia de forma tan persoal como extrema, convertérono nun director de culto. Nos últimos anos dirixiu, entre moitas outras, *13 asesinos* (2010), *As the Gods Will* (2014) ou *La espada del inmortal*, (2017).

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

